



FAI UN TRATO
CO GALEGO!

CEIP DE PRÁCTICAS LÓPEZ FERREIRO



ÍNDICE

1. TÍTULO	3
2. INTRODUCCIÓN	3
2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro	5
2.2 Xustificación do proxecto	6
3. OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	7
4. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS	9
4.1 Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo	10
4.2 Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo	11
5. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA	11
6. XESTIÓN E CALENDARIO	13
7. RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ...	13
7.1 Profesorado participante funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas	14
7.2 Alumnado participante	16
8. RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO	16
9. ORZAMENTO. XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN	16
10. COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓNS, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS/EMPRESAS.....	17
11. MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO	17
12. PLAN DE AVALIACIÓN.....	18
12.1 Criterios e indicadores para a avaliación	19
12.2 Impacto do proxecto para a mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa	20
13. LIGAZÓNS	21

1. TÍTULO



2. INTRODUCCIÓN

O CEIP López Ferreiro participa nesta proposta para dar continuidade a un traballo que o EDLG do noso centro vén desenvolvendo dende o curso 2020-2021.

Iniciamos nese momento unha campaña, que aínda mantemos, á que denominamos **Fai un trato co galego!** Constatamos que o alumnado amosaba grandes dificultades para expresarse correctamente en galego, tanto de forma oral como escrita e, mesmo, parecía que había certos prexuízos cara a esta lingua.

Esa necesidade de pór en valor o noso idioma levounos a convidar persoas significativas en diferentes ámbitos da cultura, para que animasen o noso alumnado a falar en galego. Posteriormente, esta campaña tamén deu nome a un texto orixinal que se representaría na XXVII edición do **Festival de Teatro Intercentros** con grande éxito.

A participación neste programa terá visibilidade a través da páxina web do centro e doutros blogs, que xa forman parte da vida da nosa comunidade educativa, ademais da difusión en redes sociais a través da creación dunha conta de Instagram: [@edlglopezferreiro](#)

A nosa pretensión é avanzar neste traballo e ampliálo, para achegar á comunidade educativa e á cidadanía o grande sentimento de respecto e valoración que merece a nosa lingua.

Queremos que o noso alumnado entenda este proxecto como o establecemento de redes de apoio, colaboración e intercambio educativo, social e laboral e que, ao final da proposta, se mobilice e consiga animar a nosa comunidade e a boa parte da sociedade de Compostela a Facer un trato co galego na rúa, no comercio, nos centros de saúde...

Nun primeiro momento, achegaremos a proposta ao alumnado e ao persoal docente e non docente; despois, ás familias e, a continuación, confeccionaremos os diferentes materiais para dar a coñecer a iniciativa aos distintos sectores da sociedade local.

Queremos que Compostela faga un trato co galego!

É unha proposta a 3 bandas, para poder chegar a todos os públicos.

1º Fai un trato co galego! Xoga en galego! A través, principalmente, das fórmulas de tradición oral, que temos recollidas nun Libro da Memoria, e dos xogos elaborados polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega o curso pasado grazas ao Programa Donas de Si.

A maiores, todo o centro presentará os seus xogos a toda a comunidade educativa a través dunha guía dixital, realizada en colaboración co equipo de Plan Dixital do centro.

2º Fai un trato co galego! Relaciónate en galego! Creamos unha conta de Instagram, que anime a que nos desenvolvamos en galego. A ela subiremos fotos e vídeos curtos ("reels") do noso traballo no centro, das persoas que nos visitan e das propostas que o alumnado quere trasladar aos fogares, das achegas que nos fagan desde a Facultade de Ciencias da Educación... Aproveitaríamos o que xa temos feito na nosa campaña, ampliariámola e dariámoslle maior difusión (terase en conta, por suposto, o Protocolo de protección de datos persoais da Xunta de Galicia, que nos rexe).

3º Fai un trato co galego! Atende en galego! Animaremos o persoal traballador das institucións, comercio, servizos... da cidade a dirixirse á cidadanía en galego. Despois, a través da aplicación Tik Tok, realizaremos unhas gravacións e vídeos xa máis amplos a través dos cales se poidan dar a coñecer estes servizos e establecementos. Ademais, promoveranse contidos a favor do uso do galego e dos lugares que empregan o idioma. Esta campaña que se inicia no noso centro, será presentada no Concello e no Servizo de Normalización Lingüística da USC.

Estes tres eixos apóianse en que, como sinalou o Presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes (2022): "a transmisión xeracional do idioma require non só incidir no papel das familias e dos primeiros niveis do sistema educativo, senón tamén da implicación de todas as institucións civís, artellando unha actuación global que atinxa o mundo do lecer, das novas tecnoloxías, do consumo en xeral, etc."

2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

O EDLG do CEIP López Ferreiro elaborou este curso tres enquisas para o estudo sociolingüístico da contorna: unha para as familias, outra para os/as docentes e outra para o persoal non docente.

A resposta das familias estivo por riba do 70%, a do profesorado foi superior ao 95% e a do persoal non docente foi do 100%.

As enquisas deseñadas para a elaboración deste Proxecto revelan un contexto socio-familiar –tanto do alumnado como das persoas traballadoras do centro– de dominancia do castelán (40, 7%). Porén, hai unha porcentaxe importante de persoas que se relacionan en familia fundamentalmente en galego (34,7%) e un número nada desprezable que sinala que o fai nas dúas linguas por igual (23,7%).

Por outra parte, detéctase unha gran receptividade e apoio ás medidas de promoción do idioma: constátase un aumento ao respecto das anteriores enquisas e a nosa percepción é que se debe á mobilización que supuxo o programa *21 días co galego e +*. Deste xeito, e tamén nunha porcentaxe moi alta, as familias móstranse claramente a favor do fomento do idioma no ensino (90,2%). Ao respecto, temos que destacar a importancia desa actitude das familias, sobre todo nas primeiras idades, xa que inflúe en gran maneira sobre a disposición do alumnado. Especialmente en casos coma o noso, onde o galego aínda padece unha serie de prexuízos sociais que o desvalorizan.

O profesorado manifesta usar o galego maioritariamente como lingua vehicular na súa práctica docente, ben sexa desenvolvéndose só en galego ou máis en galego que en castelán, segundo os datos que nos achegan as sondaxes realizadas.

As enquisas contestadas polo profesorado e polo persoal non docente tamén revelan que o uso da lingua galega é o máis habitual para as relacións que se establecen dentro da escola.

2.2 Xustificación do proxecto

O noso centro quere atender a necesidade que xa se sinalou e as demandas que fixeron as familias a través do Consello Escolar, onde amosaron a súa preocupación polo uso do idioma entre o alumnado, así como a necesidade de darlle un novo impulso e posta en valor entre os nenos e as nenas.

Por outra banda, entendemos que a innovación educativa é un proceso no que interveñen alumnado, docentes, familias, persoal non docente, contorna e aprendizaxes. Un proceso que precisa de compromiso por parte de todas as partes implicadas e que necesita un traballo de reflexión, revisión e constancia. Isto permitiríanos contextualizar, priorizar, secuenciar... as actividades que queremos desenvolver, neste caso, en prol da lingua galega.

Temos presentes os ODS da Axenda 2030 (especialmente o ODS 4) e esta iniciativa parécenos moi acaída para promover o achegamento, a aprendizaxe e a valorización da lingua galega e para fomentar unha educación inclusiva, equitativa e de calidade. Entendemos que a nosa proposta debe ser entendida como un proxecto de participación social e cidadá, que favoreza a acollida de todas as alumnas e de todos os alumnos. Consideramos, por suposto, que a escola debe actuar como compensadora de desigualdades en todos os ámbitos. Queremos que o noso alumnado entenda este proxecto como establecemento de redes de apoio, colaboración e intercambio educativo, social e laboral. Pretendemos fomentar a cultura da colaboración e establecer no centro redes sólidas de innovación.

3. OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN



Obxectivo principal

Desenvolver propostas que animen o alumnado a expresarse en galego e a valorar a súa utilidade.

Segundo as necesidades detectadas nas aulas

- Fomentar actitudes positivas cara á lingua propia, desterrando calquera tipo de prexuízo lingüístico.
- Presentar propostas lúdicas e atractivas en diferentes formatos, adecuadas ás necesidades e intereses de todo o alumnado.



Ao respecto da contorna sociolingüística

- Potenciar o emprego do galego por todos os sectores da comunidade educativa e en todos os espazos de convivencia.
- Incidir na importancia e necesidade da transmisión da lingua galega dentro da familia.


Ao respecto do profesorado

- Integrar as propostas deste proxecto na programación doutros plans e proxectos.
- Implicar a maior cantidade posible de docentes nas actividades de fomento da lingua galega.



Obxectivos a curto prazo

- Aumentar o compromiso de utilización do galego oral dentro e fóra da escola.
- Desenvolver propostas colaborativas en galego cos diferentes Equipos do centro, coas familias, con outros centros, con establecementos e institucións da contorna...
- Mellorar as relacións sociais en galego a través do xogo.
- Utilizar as novas tecnoloxías para favorecer o uso e a posta en valor do noso idioma.



Obxectivos a longo prazo

- Mellorar as competencias comunicativas do alumnado en galego.
- Continuar coas nosas campañas e coa elaboración de materiais en galego (exemplo: materiais para a comunicación baseados en sistemas aumentativos e alternativos de comunicación como ARASAAC, xogos...)
- Elaborar recursos TIC propios.
- Achegar cada curso propostas lúdicas en galego á escola (actuacións musicais, contacontos...)
- Aumentar a rede de colaboracións coas familias, con outros centros, organismos, establecementos... da contorna, para que a nosa cidade faga un trato co galego!

4. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

Fai un trato co galego! Xoga en galego!

1. Fórmulas de xogo
2. Xogamos coas cores
3. O recuncho da calma
4. Baralla e xogo de memoria de “mulleres imprescindibles”
5. Xogos desenvolvidos no marco do programa dos 21 días co galego e + 2024 (recolleranse na guía dixital)
6. Realización dun novo Libro da Memoria para continuar co xa presentado, esta vez con textos en linguaxe pictográfica (en elaboración)
7. Guía dixital de xogos do CEIP López Ferreiro (en elaboración)

Fai un trato co galego! Relaciónate en galego!

1. As nosas familias anímannos a falar en galego (Instagram)
2. Persoas significativas do mundo da cultura fan un trato co galego!
3. A aula de Maiores da Biblioteca Pública Ánxel Casal fai un trato co galego!
4. Coas persoas da asociación galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzheimer compartimos experiencias en galego!
5. Alumnado e profesorado da USC fan un trato co galego! (Instagram)
6. No Día de Rosalía, desenvolvemos unha campaña xunto co IES Camilo José Cela, de recollida de sinaturas a favor do uso do galego: Búscanse galegofalantes
7. Campaña para animar a falar en galego: Aínda non falas galego? Xa estás tardando (Instagram)

Fai un trato co galego! Atende en galego!

1. Presentación da iniciativa no noso centro
2. Presentación da iniciativa no Concello (2 de abril)
3. Presentación da iniciativa co Servizo de Normalización Lingüística da USC (mes de abril-data por confirmar)
4. Achegamento aos establecementos que apoien a nosa campaña e colocación do adhesivo que os distingue (durante os meses de abril, maio e xuño)

4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

As nosas propostas están, como xa sinalamos, enmarcadas en tres eixos que consideramos que nos permiten priorizar e secuenciar todo o que queremos levar a cabo. Así, empezamos polos **xogos en galego** dentro do centro, con iniciativas como as que se desenvolveron xa dentro deste proxecto e do programa 21 días co galego e + 2024 e que continuaremos o resto do curso. Son xogos que gustaron ao alumnado, que permiten e permitiron apostar polos patios inclusivos e polas relacións internivel e que impulsaron a recollida da tradición propia e a elaboración de materiais.

A nosa segunda proposta implica **relacionarse en galego**. Aquí botamos man das persoas coñecidas e recoñecidas que nos visitan e/ou que fan un trato co galego a través das gravacións que nos remiten. Estas persoas animan o alumnado a usar o galego e fálanlles da utilidade da lingua no seu traballo, nas súas relacións sociais... Tamén levamos a cabo iniciativas coa Aula de Maiores da Biblioteca Pública Ánxel Casal ou con Agadea (Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzheimer). Neste tempo, xa fomos desenvolvendo algunha nova campaña (*Aínda non falas galego? Xa estás tardando* ou *Búscanse galegofalantes*) e agora, desde a nova conta de Instagram, son, sobre todo, o propio alumnado e as súas familias quen animan a falar en galego.

A última das nosas propostas para este curso e para este proxecto fai énfase en **atender en galego**. O noso alumnado, que será recibido no Concello e no Servizo de Normalización Lingüística da USC, animará o persoal traballador das institucións, comercio, servizos... a acoller en galego a cidadanía que entre no establecemento no que traballe. Como “premio” a esa deferencia, o seu local levará o adhesivo da nosa campaña e difundirémolo a través da aplicación Tik Tok, na que realizariamos unhas gravacións e vídeos xa máis amplos, a través dos cales se poden promover estes servizos e establecementos. Ademais presentaranse contidos a favor do uso do galego e dos lugares que empregan o idioma.

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

A longo prazo, o que se pretende é continuar a ampliar os tres eixos sinalados e aumentar a colaboración entre toda a comunidade educativa. Que a nosa campaña Fai un trato co galego! nos anime a expresarnos en galego no día a día e sirva de exemplo na nosa contorna. Ademais, seguiremos desenvolvendo o noso traballo a través de espazos dixitais que impliquen un uso creativo, crítico e seguro.

Todos estes aspectos teñen un obxectivo común: a mellora continua da nosa escola. Unha mellora que pasa por ter en conta a diversidade cultural, as vantaxes de dominar máis dunha lingua e por que o noso alumnado acade unha boa competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.

5. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

A nosa proposta, como xa sinalamos, artellouse hai uns anos debido aos resultados do estudo sociolingüístico que se levou a cabo no centro, ás carencias que sinalaba o profesorado, ás demandas das familias e á observación directa que se realizaba nos espazos do centro.

Nese momento, consideramos axeitado empezar elaborando un Libro da Memoria, coa axuda das familias, para que o alumnado descubrixe e gozase da cultura propia e puidese compartir na escola a historia que lle pertence. Isto valeunos para empezar a xogar en galego. Pero tiñamos que ir máis alá, así empezamos a nosa campaña Fai un trato co galego! E incluso participamos nun festival de teatro cunha obra con este título e que poñía en valor a importancia de falar en galego. Este curso, desde o EDLG, consideramos que había que subir outro chanzo e, ao presentarnos a este proxecto, decidimos aproveitar o traballo desenvolvido, pero implicando a todo o centro e ampliando a nosa acción sobre a contorna.

Establecemos as propostas por trimestre, pero de maneira acumulativa. Así, no primeiro trimestre, empezamos polos xogos que, á súa vez, implicaban relacionarse en galego e precisaban botar man da comunidade educativa (recollida de variantes dalgún xogo nas casas, utilización do horario escolar para a preparación das propostas...). No segundo trimestre, e coincidindo coa nosa participación no programa *21 días co galego e + 2024*, os xogos internivel, as novas campañas que

iniciamos e as persoas que nos visitaron impulsaron que no noso centro se falase e nos relacionásemos moito máis en galego. O feito de abrir unha conta de Instagram, foi todo un éxito!

No terceiro trimestre sairemos á rúa. Temos a sorte de que esta terceira fase da iniciativa, Atende en galego, vai ser apoiada polo Concello e polo Servizo de Normalización Lingüística da USC.

A organización levouse a cabo a través do Equipo de Dinamización da Lingua Galega que presentou a proposta coa colaboración do resto dos Equipos e co apoio da dirección do centro, que propiciou que se puidesen desenvolver as diferentes actividades. A grande acollida das familias é outro aspecto que nos parece moi importante destacar.

No plano metodolóxico tivemos en conta, en primeiro lugar, as características do noso alumnado, os principios pedagóxicos que se establecen nas normativas que nos rexen e o traballo estruturado das persoas coordinadoras dos distintos niveis e equipos.

Intentamos propiciar unha metodoloxía activa e motivadora, achegando en todo momento propostas que partan dos intereses do alumnado e cunha vertente lúdica: os xogos, a utilización de recursos TIC, a adquisición de compromisos... As docentes proporcionamos o acompañamento e a axuda precisa, se ben o alumnado, en todas as iniciativas que presentamos, foi o protagonista.

Procuramos desenvolver tamén as competencias emocionais (ex: recuncho da calma), outras que fomentasen o pensamento crítico e propostas de xogar a pensar (ex: Aínda non falas galego? Xa estás tardando).

Tamén nos apoiamos, como escola inclusiva que somos, nos principios do **Deseño Universal de Aprendizaxes (DUA)** dirixido á diversidade do alumnado, promovendo unha educación inclusiva a través dos seus tres principios:

1. Proporcionando múltiples formas de representación: presentando propostas con pictogramas, por exemplo.
2. Proporcionando múltiples formas de acción e expresión: así o alumnado pode participar nesta proposta a través de diferentes iniciativas a través de textos, ilustracións, gravacións...
3. Xerando distintas formas de implicación. Neste proxecto son protagonistas os alumnos e as alumnas. Na maioría das propostas son eles e elas quen se involucran no deseño de obxectivos, nas escollas, no reparto de tarefas, no uso adecuado das ferramentas TIC... E, sobre todo, como quedou patente na configuración do Equipo 21 para levar a cabo as actividades do programa *21 días co galego e +*, conformaron un grupo sólido de interacción, titorización e axuda entre iguais.

Por último, no plano metodolóxico queremos destacar a importancia de compartir o traballo que se realiza e de darlle visibilidade, polo que a páxina web do centro e os blogs do EDLG son fundamentais.

6. XESTIÓN E CALENDARIO

Como se foi explicando en apartados anteriores, o noso proxecto abrangue todo o curso. No primeiro trimestre nos centramos máis nos xogos, no segundo ampliamos a proposta á importancia de relacionarnos en galego e no terceiro poremos o ramo coa implicación da contorna e o recoñecemento a aqueles establecementos que fagan un trato co noso idioma, atendendo en galego.

7. RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Nesta aposta involucrouse toda a comunidade educativa (alumnado, docentes, persoal non docente, familias e persoal de comedor), a Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal e a súa Aula de Maiores, a Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzheimer (Agadea), o Concello, o Servizo de Normalización Lingüística da USC, a Facultade de Ciencias da Educación, moitas persoas significativas en diferentes ámbitos, que se achegaron desinteresadamente ao noso centro para animar ao noso alumnado a falar en galego, moitas outras persoas que nos gravaron vídeos facendo un trato co noso idioma...

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

**Rosa E.
Suárez Veiga**

Titora de 5º de E. Infantil, coordinadora do EDLG.

TAREFAS:

Organizar e coordinar as propostas coa comunidade educativa. Planificar as iniciativas dos tres eixes de traballo. Contactar coas institucións da contorna. Xestionar os blogs do EDLG e a conta de Instagram.

**M. Carmen
Montero Chacón**

Titora de 5º de E. Primaria, directora do centro.

TAREFAS:

Facilitar o desenvolvemento das propostas que se realizaron e realizan no centro. Promover o proxecto.

**Fátima
Rodríguez Eiroa**

Titora de 5º de E Infantil, coordinadora do Equipo de Plan Dixital-Polos Creativos

TAREFAS:

Supervisar as propostas elaboradas a través de recursos TIC. Colaborar na organización dos espazos e utilización de materiais. Elaborar a guía dixital de xogos. Gravar e editar a proposta do recuncho da calma.

**Laura
Quintáns Suárez**

Titora de 4º de E. Infantil, coordinadora do Equipo de Biblioteca

TAREFAS:

Coordinar as propostas que precisan apoio da Biblioteca. Colaborar na organización dos espazos e utilización de materiais.

**Laura
Gutiérrez Vara**

Titora de 6° de E. Infantil. Coordinadora de ciclo

TAREFAS:

Coordinar as propostas que se levaron a cabo en Educación Infantil.

**Clara T.
Fdez. Escariz**

Titora de 2° de E. Primaria Coordinadora de ciclo

TAREFAS:

Coordinar as propostas que se levaron a cabo no 1º ciclo de E. Primaria.

**Mª José
Iglesias Mansilla**

Titora de 3° de E. Primaria Coordinadora de ciclo

TAREFAS:

Coordinar as propostas que se levaron a cabo no 2º ciclo de E. Primaria.

**Mª Isabel
Varela Landeira**

Titora de 6° de E. Primaria Coordinadora de ciclo

TAREFAS:

Coordinar as propostas que se levaron a cabo no 3º ciclo de E. Primaria. Elaborar os xogos de “mulleres imprescindibles”. Diseñar os adhesivos para os establecementos que atendan en galego.

7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número)

Participaron e participan 403 alumnos e alumnas de todos os niveis educativos.

Na nosa iniciativa estase a implicar todo o centro en maior ou menor medida. Así, nas dúas primeiras apostas, xoga en galego e relaciónate en galego, concorreu e concorre toda a escola. Os xogos deseñáronse para todos os niveis e desenvólvense tanto nas aulas como no patio. As actividades que animan a falar en galego, como os faladoiros e visitas con persoas coñecidas e recoñecidas e as distintas campañas que se elaboraron, tamén se idearon para toda a comunidade educativa.

Na última proposta, atende en galego, participan os nenos e as nenas de 5º e 6º de educación primaria e diferentes establecementos e organismos da contorna.

8. RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Tendo en conta as características do noso proxecto os materiais que precisamos e precisaremos son recursos técnicos audiovisuais: tabletas, trípodes, ordenadores con programa de edición, croma e material de papelería e de impresión para os carteis e os adhesivos. Algúns destes materiais xa os posuía o centro, formaban parte dos útiles da biblioteca, outros chegaron coa dotación dos Polos Creativos e outros adquirímolos para o proxecto.

9. ORZAMENTO. XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN

Material de papelería e copias	200 euros
Impresións 2º Libro da Memoria	450 euros
Adhesivos Fai un trato co galego!	550 euros
Impresión novos xogos "mulleres imprescindibles"	225 euros
2 Tabletas	600 euros
2 Trípodes	60 euros
TOTAL:	2085 euros

10. COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓNS, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS OU EMPRESAS

Como xa se recolleu con anterioridade, o EDLG, para este proxecto e para outras propostas, colabora con diferentes institucións como a USC, a través de diferentes departamentos da Facultade de Ciencias da Educación e do Servizo de Normalización Lingüística, coa Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, co CSC Maruxa e Coralia, co Concello de Santiago e con Agadea. Ademais compartimos actividades arredor de propostas que neste proxecto se traballan con diferentes centros educativos: CEIP Monte dos Postes, CEIP A Igrexa-Calo, CEIP Ricardo Tobío ou IES Camilo José Cela.

11. MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO

Consideramos que é moi importante dar a coñecer o traballo desenvolvido. Especialmente para o alumnado é moi significativo que vexan que o seu traballo vai máis alá do noso centro educativo. Así, todas as nosas actividades aparecen recollidas na web do CEIP López Ferreiro e nos blogs do EDLG : O niño de pombas e, especialmente, Fai un trato co galego. Tamén se recollerán propostas na nosa conta de Instagram e a través das canles de difusión do Concello de Santiago de Compostela e da USC.

Agardamos que a prensa local recolla e difunda o noso traballo.

A nosa intención é que estas iniciativas cheguen a toda a comunidade educativa e á contorna e que poidan ser aproveitadas por outros centros educativos que as consideren acaídas.

12. PLAN DE AVALIACIÓN

Preténdese chamar a atención e pór en valor o idioma propio fronte ao descenso do uso e á pervivencia de certos prexuízos detectados entre o alumnado.

Perseguimos activar os coñecementos previos e maximizar a transferencia e xeneralización das aprendizaxes.

Quérese que o proxecto naza a través dunha acción provocada e que se sustente nuns intereses comúns e nunhas inquedanzas manifestadas pola comunidade educativa. Procura dar resposta a unhas necesidades que comprendan o alumnado, o profesorado e as familias, para consolidar actitudes favorables cara ao galego que fomenten a súa utilización en todos os ámbitos.

Partiremos dun produto final claro: a posta en valor e o uso do idioma propio.

Durante o desenvolvemento da proposta e ao final da mesma é preciso recoller información sobre as diferentes valoracións realizadas polas persoas protagonistas (equipo docente, alumnado e familias), que permitan reformular e mellorar a iniciativa. Así se fixo, por exemplo, ao respecto dos xogos: ao longo do desenvolvemento da iniciativa houbo algúns que se desbotaron para Primaria, porque non tiñan éxito no tempo de patio. Asemade, algunha visita ou faladoiro con persoas representativas do mundo da cultura engadiuse a petición das familias.

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Teranse en conta uns instrumentos de avaliación e uns indicadores.

Procedemento de Avaliación:



Proceso de Ensino

INSTRUMENTOS:

- Listas de cotexo (SI-NON-ÁS VECES).
- Escalas de observación (1-2-3-4)

INDICADORES:

Valorarase se hai coherencia entre os elementos curriculares, se houbo coordinación entre os e as docentes, se foron fructíferas as interaccións co alumnado, se houbo traballo cooperativo e colaborativo entre os nenos e as nenas, se os espazos-tempos – recursos foron os pertinentes, se houbo resposta á diversidade, se houbo implicación das familias, do persoal non docente e da controna, se houbo adecuación da proposta metodolóxica e do uso das TIC na súa contribución e integración nos ODS...



Proceso de Aprendizaxe

INSTRUMENTOS:

- Rúbricas.
- Diana de autoavaliación (ben, mal, regular ou con pictogramas-emoticonas)
- Escalas de observación (1-2-3-4)
- Lista de cotexo (SI-NON-ÁS VECES).

INDICADORES:

Coñece e participa nos xogos que se presentan, goza achegando a tradición oral propia á aula, é que de desenvolves en galego, implícase nas propostas que supoñen relacionarse no noso idioma, amosa interese por facelo, goza coa participación nos faladoiros que poñen en valor a nosa lingua, comprende a importancia de expresarse en galego e de acadar unha boa competencia lingüística...

12.2 Impacto do proxecto para a mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Para poder valorar o impacto deste proxecto no proceso de ensino e da aprendizaxe, tivemos en conta os puntos febles e fortes do mesmo.

Partiamos de dúas importantes debilidades:

- Escaseza de propostas metodolóxicas novidosas e/ou atractivas no achegamento á lingua galega nas aulas.
- Pouca interdisciplinarietà.

E de grandes fortalezas na implementación desta iniciativa:

- Grande oferta de dinámicas baseadas no xogo, na aprendizaxe cooperativa e nas actividades interniveis.
- Ampla proposta de actividades desde o EDLG e en colaboración cos outros Equipos do centro, coas familias e con persoas recoñecidas no plano cultural.
- Boas prácticas e propostas TIC.

Opinamos que este proxecto axudou a mellorar o uso da lingua galega na nosa comunidade educativa. Temos que destacar que, ademais, esta iniciativa se viu favorecida polo desenvolvemento do programa *21 días co galego e + 2024* e pola continuidade doutras propostas que xa se estaban levando a cabo desde o EDLG, en colaboración co resto de equipos do centro.

A pegada máis importante da posta en práctica deste traballo no noso centro fai referencia a:

- Grao de valoración e de compromiso no uso do idioma galego por parte do alumnado.
- Grao de idoneidade das propostas desenvolvidas en prol do galego para toda a comunidade educativa.
- Grao de implicación da comunidade educativa á hora de desenvolver as actividades que se presentaron.
- Grao de utilidade das actividades que implicaron o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Grao de satisfacción nas propostas que supuxeron o achegamento á contorna.

13. LIGAZÓNS

- Web do centro
- Blog O niño de pombas
- Blog Fai un trato co galego!
- Instagram: @edlglopezferreiro



FAI UN TRATO
CO GALEGO!